



ACTA DE PUNTUACIÓNS TRAS A RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL – PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA

CONVOCATORIA 2026/CP/058

REFERENCIA AXUDA: PID2022-1393510B-I00

O día 07/05/2026 reuniuse a Comisión de Selección para resolver as alegacións presentadas contra a proposta de resolución provisional:

- Alegacións presentadas por JORGE PRAGA, M.:

O candidato solicita a “a revisión da puntuación asignada no criterio 2 conforme aos méritos acreditados” e expón o seguinte:

“respecto da proposta de resolución (2026/CP/058), presenta alegación á puntuación asignada no criterio 2, xa que no CV consta experiencia:

[2.1.] -en análise de textos (contrato predoc e membro en proxecto a tempo completo) e produción editorial/académica.

[2.2.] -no manexo de ferramentas dixitais aplicadas á docencia e investigación, acreditada mediante a actividade docente, na que se empregan plataformas, edición de textos académicos e creación de recursos didácticos, poñendo en práctica competencias previamente recoñecidas como formación.

A asignación de 0 non resulta coherente cos méritos acreditados.”

Resposta da Comisión de Selección:

De acordo co punto 2 da convocatoria [**Competencias técnicas e metodolóxicas (máximo: 10 puntos)**], son valorizadas nesta epígrafe as seguintes cuestións:

2.1. Experiencia acreditada na análise de textos, discursos culturais ou produción editorial/académica (máximo 5 puntos: 0,4 puntos/mes)

2.2. Dominio de ferramentas dixitais aplicadas á investigación e á docencia (bases de datos, edición de textos académicos, creación de recursos didácticos) (máximo 5 puntos: 0,3 puntos/mes)

En relación coa literalidade da solicitude (“revisión da puntuación asignada no criterio 2 conforme aos méritos acreditados”): na fase de avaliación non consta acreditación documental de méritos alegados no CV relativos ao criterio 2 (aos efectos de acreditación véxase o art.10.3.e do “Regulamento de contratación de persoal laboral no capítulo 6 para proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia de coñecemento”)

En relación coas competencias indicadas en [2.1.]: o contrato predoutoral e a integración no proxecto de investigación referidos no CV do candidato foron considerados no punto 1.3. (Experiencia en investigación, onde o candidato obtén a máxima puntuación); estes elementos non poden ser, por tanto, levados en conta unha segunda vez. Para alén disto, os méritos alegados na reclamación (tamén canto á produción editorial/académica) non poden ser estimados en 2.1. porque neles non consta nen é acreditada a experiencia requirida nesta epígrafe da convocatoria.

En relación coas competencias indicadas en [2.2.]: a experiencia docente alegada polo candidato non é un mérito contemplado na convocatoria, onde figura que “Non serán considerados méritos alegados nos currículos diferentes dos indicados”. Da “Impartición de asignaturas de lingua e literatura inglesa” (referidas en horas no CV



achegado, e non en meses tal como figura que ten de ser feito o cómputo deste ponto na convocatoria) non se derivan as competencias requeridas nesta epígrafe. Ao non se consideraren directamente vinculadas coa temática nen os obxectivos do proxecto, non foi atribuída puntuación adicional.

En relación coa documentación achegada na fase de reclamación que non consta entre a submetida para avaliación previamente:

A integración no proxecto de investigación e o contrato predoutoral xa foi contemplado como experiencia investigadora (ponto 1.3. da convocatoria) a pesar de non se vincularen directamente co obxecto do presente contrato.

As publicacións ou a experiencia docente en lingua inglesa (o coñecemento desta lingua foi valorizado coa máxima puntuación na epígrafe 3) non son méritos contemplados na convocatoria, onde figura que “Non serán considerados méritos alegados nos currículos diferentes dos indicados”.

Os cursos en “Microsoft 365” (12h) e “creación de contenidos digitales” (podcast, 12h) foron cualificados no punto 1.2. Formación académica... (24 horas; 2,4 valores), o cal beneficia o candidato (o cómputo na epígrafe 2 é feito en meses, non en horas). O curso “Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto dos resultados da investigación” (12h) non foi referido no CV avaliado pola Comisión (nen documentado previamente), así que non pode ser levado en conta nesta fase de alegacións. Outros cursos alegados no CV do candidato non se vinculan directamente coa epígrafe 2. nen coa finalidade do presente contrato e, por tanto, non foi atribuída puntuación adicional.

Estimación:

As alegacións non deben ser estimadas, xa que os criterios establecidos na convocatoria foron aplicados correctamente a xuízo desta Comisión. A documentación adicional e os argumentos presentados foron valorizados pola Comisión, mais non xustifican a modificación da puntuación atribuída ao candidato.

Polo tanto, a puntuación das persoas aspirantes queda como segue:

APELIDOS E NOME	DNI/NIE	CRITERIOS						TOTAL
		1.2	1.3	2	3	4	5	
N.S., X.	***1277**	5	5	0	0	2	0,5	12,5
J.P., M.	****4938*	2,4	5	0	3	1,5	0	11,9
R.F., J.C.	***3078**	5	0	0,9	0	2	0,5	9,9
M.S.A., C.	***2779**	0	1	0	2	1,5	3	7,5
V.V., C.M.	***6755**	0	2	0	3	2	0	7,5

Logo das consideracións realizadas, propónse adxudicar a praza á persoa candidata que obtivo a maior puntuación:

Xián Naya Sánchez con documento de identidade ***1277**

Esta ACTA/PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA, que será publicada no TEO, será elevada á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia e publicada no TEO.

Na data da sinatura electrónica

A/O SECRETARIA/O DA COMISIÓN DE SELECCIÓN